



XOVES, 4 DE MAIO DE 2023 | JUEVES, 4 DE MAYO DE 2023 | BOP NÚMERO 84

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Nomeamento funcionaria interina auxiliar administrativa do Concello de Culleredo

ANUNCIO

Por resolución do sr. alcalde núm. 718 do 19 de abril de 2023, resolveuse o seguinte:

“Nomear a dona Cristina Asorey Trigo con documento nacional de identidade ***87 79**, funcionaria interina auxiliar administrativa (C2) ata a incorporación da titular do posto dona M.I.S.G. de baixa por IT (código RPT AX.1.4.01). O nomeamento surtirá efectos a partir do día da toma de posesión no citado posto.”

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día siguiente ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, a 28 de abril de 2023

A concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal

Marta María Figueroa Fuentes

PD.(Resolución do 13.07.2020, BOP 23.07.2020 – núm. 114)

2023/3384